

A AELG rende tributo a Agustín Fernández Paz na súa localidade natal

E.P. • SANTIAGO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) elixiu este ano a Agustín Fernández Paz, como protagonista da homenaxe *O escritor na súa terra*, dentro dun programa de actos que se desenvolverá o proximo sábado día 20 en Vilalba, localidade natal do escritor homenaxeado.

Segundo explicou a AELG, esta é "unha celebración múltiple e popular" na que, durante máis dunha década, se recoñeceu a "entidade literaria de insignes figuras" das letras galegas.

gas con actos como a entrega da letra E de escritor, a plantación dunha árbore e a colocación dun monólito no seu tributo.

Así, o próximo sábado, ás 12.00 horas do mediodía, o autor homenaxeado nesta ocasión plantará un bidueiro no parque Agustín Fernández Paz e descubrirá un monólito escultórico. Neste acto, intervirán o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, e a secretaria xeral da AELG, Mercedes Queixas; ade-

mais das palabras que pronunciará o propio autor ao que se lle dedica este ano a devandita iniciativa. Posteriormente, ás 13.00 horas, o Centro Cultural e Recreativo de Vilalba acollerá o acto de entrega da Letra E, que contará coa participación do alcalde da localidade lucense de Vilalba, Gerardo Criado.

Finalmente, ás 14.30 horas o Parador de Turismo de Vilalba será o lugar elixido para unha comida de confraternidade aberto a todos os socios da AELG.

Agustín Fernández Paz é un escritor, pedagogo, sociolingüista e especialista en animación á lectura e literatura infantil e xuvenil. Autor de medio centenar de ficcions narrativas de variedade de temáticas, recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil no ano 2007 polos relatos reunidos no libro *O único que queda é o amor*.